


KIN-DZA-DZA

Georgi Daneliya, 1986

1804

ESTREA EN NUMAX: 06.08.2026 | V.O.S.E. | 135 min

Dous humanos son teletransportados por accidente, ao premer o botón que non debían, a un planeta chamado Plyuk na galaxia de Kin-Dza-Dza. Os estraños habitantes deste afastado sitio son de aparencia humana e entenden o ruso, despois de ler a mente dun dos terrícolas. A súa propia lingua baséase principalmente na telepatía e só ten once palabras. Son unha civilización moi avanzada tecnoloxicamente, pero moi atrasada no aspecto social.



Sátira e ciencia ficción nunha URSS que colapsaba

Por Ignasi Franch

A vitoria do neoliberal Ronald Reagan nas eleccións presidenciais estadounidenses de 1980 foi lida polos seus partidarios como unha vitoria do optimismo. En ocasións, ese optimismo pasaba polo desquite respecto ás pantasma do pasado (véxanse títulos revisionistas da derrota en Vietnam como *Rambo II* ou a saga *Desaparecido en combate*) e o agravamento dos conflitos do presente. A Guerra Fría requentouse. E iso, en momentos de enorme proliferación de armas atómicas, implicou un medo ao holocausto nuclear. O Hollywood dos anos 80 non só foi o Hollywood d’*Os Goonies*, senón o da acción xeoestratéxica agresiva levada a cabo a tiro limpo. Tamén foi un momento de eclosión de ficcións que desconfiaban desa doutrina da destrución mutua asegurada que facía que o mundo dividido en dous bloques camiñase pola corda frouxa da extinción.

O cinema soviético do momento tamén se enchoupou daquel período de incerteza. Se a exitosa *Kin-dza-dza* era unha comedia que podía lembrar aos tempos máis inxenuos da ciencia ficción que especulaba con utopías socialistas, as *Cartas dun home morto* (Konstantin Lopushansky, 1986) escenificaba o fin da civilización humana.

Kin-dza-dza, esa historia de viaxes galácticas en forma de comedia pode lembrar á ciencia ficción de principios de século XX, ás viaxes instantáneas no espazo ou no tempo que permiten descubrir sociedades utópicas. A diferenza da novela “Estrela vermella”, de Alexander Bogdánov, os encontros culturais entre humanos e extraterrestres non son moi fluídos nin enriquecedores. Porque o planeta Plyuk dista de ser un remanso de paz como o que idearon o mencionado Bogdánov ou o socialista estadounidense Edward Bellamy (“O ano 2000”).

Kin-dza-dza iníciase en clave cotiá. Despois de que un traballador da construción, Vladimir, chegue a casa e a súa esposa lle pida que vaia mercar pan e fideos. Polo camiño atópase cun vagabundo medio espido que lle solicita a dirección da Terra nun dispositivo de viaxe interplanetario. Tomándoo por tolo, Vladimir toca o aparello: inmediatamente, atópase nun mundo desértico xunto con outro transeúnte. Os protagonistas descubren unha sociedade moi baseada na escaseza de auga e de combustible. Examínase este novo mundo en clave cómica, máis próxima á liña satírica de Jonathan Swift (“As viaxes de Gulliver”) que á ciencia ficción dura e circunspecta. Exponse unha crítica do capitalismo, porque no planeta Plyuk non hai lazos privados que vallan senón que só prima o interese material. Por outra banda, uns protocolos sociais desaforadamente clasistas sacan de quicio o orgulloso Vladimir.

O aspecto medievalizante e o gusto polo humor absurdo pode remitir ás ficcións de Monty Python (*Os cabaleiros da mesa cadrada*). Se fantasías apocalípticas como *Cartas dun home morto* ou *O visitante do museo* (Konstantin Lopushansky, 1989) cuestionaron o carácter e o xeito de vivir dos seres humanos, *Kin-dza-dza* é unha fantasía máis ben compracente. Aínda que algúns dardos poden estar dirixidos á burocracia comunista e non só ao capitalismo, o resultado remite á tranquilizadora novela de aventuras coloniais. Os viaxantes parten dunha sociedade da que se senten satisfeitos e buscan regresar o alivio do regreso ao fogar, que entenden como o mellor dos lugares posibles.